

Hemeroteca



VACÚN

Acruga intenta introducir a raza loura en Venezuela

03.04.2009 O obxectivo é "mellorar a produción de carne sen perder a capacidade láctea"

EFE

A Asociación de Criadores de Raza Loura Galega (Acruga) deu os primeiros pasos para a incursión da raza na gandería de Venezuela.

A secretaria executiva de Acruga, Anxos Moreno, visitou a semana pasada varias cidades de Venezuela e atopou "moi boa receptividade dos gandeiros e dos medios de comunicación do agrario".

Aclarou, ademais, que "a loura galega é cada vez máis coñecida, porque a Gandería Tucacas, no estado venezolano de Falcón, importa semente de loura desde o 2007 e en 2008 producíronse os primeiros partos", con "plena satisfacción" cara raza, segundo recoñeceu o veterinario da gandería.

A difusión por parte dos medios de comunicación da visita de Acruga a Caracas, Maracay, Valencia e Maracaibo foi moi ampla, por iso é polo que desde a asociación recoñecécese sentirse "moi optimistas en canto á distribución de semente en Venezuela, polo que esperamos empezar a exportar a partir do mes de xuño", dixo Moreno.

Moreno advertiu de que co cruzamento entre loura e cebú, a principal raza venezolana, "se dobraría a aptitude produtiva, que é o que realmente se busca. Así, a loura galega utilizaríase vía paterna co semente para mellorar a produción de carne sen perder por iso a capacidade de produción láctea".

Venezuela súmase deste xeito a outros países de Latinoamérica que teñen unha forte presenza da raza loura como é o caso de Brasil, onde Acruga iniciou a súa actividade no ano 2000.

comentarios ■

Escribe o teu comentario

Canal Compras



Ancestros Genom.
Descubre sobre tus orígenes gracias a tu familia. Crea tu red familiar privada.
[Consultar](#)



Zapatillas Asics Advantage 2. La tienda nº 1 en padel.
12,95 €



Zapatillas tenis nike Rafa Nadal.
Zapatillas de tenis color negro y nistacho **125,00 €**

undefined

Hoxe Mañá

mín undefi mín undefi

HOXE

- Vivir Hoxe Galicia
- Vivir Hoxe Sociedade
- Política Galicia
- Política España
- Política Mundo
- Economía
- Deportes
- Maré
- En rede
- Comunicación
- A Contra
- Opinión